



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O procedemento concursal

GRUPO: Cursos Xustiza

ÁREA: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	XUSTIZA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 02/10/2010 - 00:00h ao 12/10/2010 - 00:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Persegue un coñecemento sistemático do proceso concursal, cun estudo esquemático, guías de tramitación, uso das ferramentas informáticas. Está orientado para fomentar o coñecemento da lei concursal e facilitar o traballo, tendo en conta o aumento do número de procedementos de concurso. Farase especial fincapé na modificación da lei concursal feita polo Real Decreto-lei 3/2009, de 27 de marzo, de medidas urxentes en materia tributaria, financeira e concursal ante a evolución da situación económica. Trátase de proporcionar unha formación avanzada sobre a tramitación dos procedementos concursais dende o punto de vista procedemental, cun estudo fundamentalmente práctico dende unha perspectiva dunha tramitación áxil.

O enfoque do curso pretende ser de carácter práctico, cunha visión económica do procedemento, para que o destinatario do curso teña unha visión clara e ordenada dos trámites procesuais e resolucións que se deben adoptar na súa tramitación.

DESTINATARIOS

Funcionarios dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

PROGRAMA

Contido.- Concepto de concurso, as súas clases, a competencia obxectiva e territorial. Orzamentos da declaración do concurso. Requisitos da solicitude. Declaración de concurso voluntario e admisión a trámite do concurso necesario. Órganos do concurso; a administración concursal; nomeamento, o seu estatuto xurídico, funcións, o informe da administración concursal. Procedemento ordinario e procedemento abreviado; as seccións do concurso; o incidente concursal. Fase común e fase de convenio ou liquidación. A cualificación do concurso. A reforma da Lei concursal, a tramitación escrita da fase de convenio, a liquidación anticipada.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro), e, de ser o caso, os criterios específicos que se establezan para cada acción formativa nas respectivas convocatorias.

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 15/11/2010 a 15/12/2010

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

JORGE GONZALEZ FIGUEIRAS